

Tema 5

A harmonía


- ◆ Consonancia e disonancia.
- ◆ O acorde. Construcción de acordes elementais.
- ◆ A tonalidade.
- ◆ A modalidade.

1. Consonancia e disonancia

- » Os intervalos melódicos prodúcense cando poñemos un son despois doutro. Este encadeamento produce a melodía.
- » Os intervalos harmónicos prodúcense cando os sons soan á vez. Os intervalos harmónicos clasifícanse en consonantes e disonantes.
- » Consonancias son os intervalos harmónicos de terceira maior e menor, quinta xusta, sexta maior e menor e oitava xusta. Producen un efecto de repouso.
- » Disonancias son os intervalos harmónicos de segunda maior e menor, cuarta xusta, sétima maior e menor. Producen un efecto de tensión.




Intervalos melódicos



Intervalos armónicos

2. O acorde. Construcción de acordes elementais.

- » A harmonía é unha ciencia que estudia os acordes e a relación entre eles. A base da harmonía é o acorde e ocúpase da súa formación e combinación.
- » O acorde é a execución simultánea de varios sons.
- » Si facemos sonar tres notas superpostas a distancia de terceira chámanse tríadas.
- » Se son catro notas superpostas (tríada ca oitava) chámanse sétimas.



- » Os acordes pódense executar de tres maneiras diferentes:
 - ? Tocando as tres notas de forma simultánea (1)
 - ? Tocándoas de forma simultánea pero seguindo un patrón ritmico (2)
 - ? Facendo arpexios, é dicir tocándoas unha despois doutra (3)



(1)




(2)



(3)

3. A tonalidade.


- » A tonalidade indícanos cal é a nota (tónica) encima da que construímos a escala e colocamos os grados.
- » Podemos construír unha escala con cada nota.
- » A tonalidade represéntase graficamente ó lado da clave, no que se chama armadura.





4. A modalidade.

- » Cando construímos unha escala podemos facelo de dous modos diferentes tamén chamados modalidades:

? Maior: Esta escala ten un semitón entre os grados III -IV e VII -I (Oitava). Empregamos de modelo a escala natural de DO (Teclas brancas no piano)



? Menor: Esta escala ten un semitón entre os grados II -III e V-VI. Empregamos de modelo a escala natural de LA (Teclas brancas do piano)



POSIBLES PREGUNTAS DE CONTROL






➔ Completa:
O acorde é a _____ .
Si facemos sonar tres notas superpostas a distancia de terceira chámanse _____
e se son catro notas (tríadas con oitava) chámanse _____

➔ Fai os acordes indicados:

tríada ascendente		tríada descendente		sétima ascendente		sétima descendente	
----------------------	---	-----------------------	---	----------------------	---	-----------------------	---


➔ Completa:
A tonalidade indícanos cal é _____
A tonalidade represéntase gráficamente ó lado da clave, no que se chama _____

➔ Coloca por debaixo o nome de cada tonalidade:

				
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

➔ Completa:
Cando construímos unha escala podemos facelo de dous modos diferentes tamén chamados modalidades:
_____ e _____

➔ Coloca por debaixo os indicativos de tono e semitono no modo MAIOR



➔ Coloca por debaixo os indicativos de tono e semitono no modo MENOR

